

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, CASCALLOS, VALADOS, PUNTAIS, CABALETES, ANDAMIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 1.- Concepto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución; artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 20.3 g) da Lei 39/88, do 29 de decembro reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mercaderías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, andamios e outras instalacións análogas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

O feito imponible está constituído pola realización de calesquera dos aproveitamentos de ocupación de terreos de uso público local con mercaderías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, andamios e outras instalacións análogas.

Artigo 3.- Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a prol das que se outorguen as correspondentes licencias ou se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.- Dereito á percepción

Terase dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír polo outorgamento de licencia ou dende o momento no que se inicia o aproveitamento. O pagamento da taxa farase na depositaría municipal.

Artigo 5.- Tarifas

A contía da taxa regulada nesta ordenanza fiscal farase efectiva conforme ás seguintes tarifas:

- a) Pola ocupación diaria de terreo de uso público local con calesquera dos elementos que contempla esta ordenanza, calquera que sexa a súa finalidade: 10 pesetas/metro cadrado no núcleo urbano e 5 pesetas/metro cadrado no medio rural
- b) Pola ocupación mensual de terreo de uso público local con calesquera dos elementos que contempla esta ordenanza, calquera que sexa a súa finalidade: 200 pesetas/metro cadrado no núcleo urbano e 50 pesetas/metro cadrado no medio rural.
- c) Pola ocupación anual de terreos de uso público local con calesquera dos elementos que contempla esta ordenanza, calquera que sexa a súa finalidade: 1.000 pesetas/metro cadrado no núcleo urbano e 180 pesetas/metro cadrado no medio rural.

Artigo 6.- Normas de xestión

De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza fiscal se producisen danos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares da licencia ou os obrigados ó pagamento virán suxeitos ó reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales desperfectos ou repara-los danos causados, que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados. Se os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos, ou o importe do deterioro dos danos.

As cantidades esixibles de acordo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licencia, na que se indicará a superficie a ocupar e o tempo da ocupación.

Se non se determina a duración do aproveitamento unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.

A presentación de baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado na tarifa que corresponda.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor e comezará a rexer unha vez publicada íntegramente no BOP e transcurra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.